



## ACTA DO XURADO DO IX PREMIO MANUEL LUEIRO REY DE POESÍA

Reunidos en sesión telemática, sendo as 18:30h do 15 de marzo do 2021, dá comezo a sesión de deliberación do xurado do IX Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía do concello de Fornelos de Montes, constituído por Luís Cochón, en calidade de presidente (que participou na deliberación vía telefónica), e os vogais Emma Pedreira, Xerardo Quintiá, Mercedes Queixas e Armando Requeixo, amais de por Carmen Carreiro, presidenta da Asociación Cultural O Cruceiro da Laxe, que actuou como secretaria con voz e sen voto.

Logo dunha longa e intensa deliberación, o xurado decidiu outorgar por maioría de votos o premio ao poemario presentado baixo o título *As vaidosas agonías*, texto que se impuxo aos outros trinta e sete traballos presentados e que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de Xurxo Alonso.

O xurado estimou en *As vaidosas agonías* a impecable dicción e fluencia harmónica dunha escrita arroupada por unha imaxinería fulgurante, que aborda con lucidez a loita do eu ante a ruína dun mundo que esfarela e no que cómpre soerguerse nas azas da palabra. O verso longo, a habelencia rítmica e o amplo caudal de voces e citas que incorporan estes poemas fan do conxunto unha obra de moi elaborada arquitectura e grande ambición estética.

Asina a presente ás 20:30h, por orde e no nome do conxunto do xurado,

A firma manuscrita de Carmen Carreiro Montero, escrita en tinta azul, mostra un inicio con grandes aneis e un final que se estende horizontalmente.

Carmen Carreiro Montero  
Coordinadora do Premio